

ACTA DA PRIMEIRA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

D. Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Ordenación Forestal
D. Miguel Ángel Cela González
Subdirector Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
D. José Manuel Chapela Seijo
Director Xeral de Fegamp

POR SEAGA:

D. Pablo Arbones Maciñeira
Director Xerente de Seaga
D. Antonio Barral Álvarez
Licenciado en Dereito de Seaga
Doña Carmen Paz López
Enxeñeira de Montes de Seaga

En Santiago de Compostela, as 9:30 horas, do día 24 de agosto de 2018, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Ordenación Forestal, reúnen-se os citados anteriormente co fin de celebrar a primeira reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo o seguinte

ORDE DO DÍA

- I.- Constitución da Comisión de seguimento do Convenio de Colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais**
- II.- Estudio das anualidades orzamentarias e do alcance do Convenio**
- III.- Solicitudes de adhesións**
- IV.- Criterios de priorización de actuacións**
- V.- Delimitación das faixas secundarias**
- VI.- Avaliación das adhesións**
- VII.- Outros aspectos técnicos e económicos dos traballos**
- VIII.- Convocatoria da próxima reunión da Comisión**

Antes de comezar a reunión noméanse por unanimidade dos presentes como Presidente os efectos da presente reunión a D. Tomás Fernández-Couto Juanas e como Secretario a D. José Manuel Chapela Seijo, con independencia dos acordos que sexan adoptados con posterioridade en relación cos cargos da Comisión.

A continuación o Sr. Presidente toma a palabra para fixar como obxectivo da primeira reunión a constitución formal da Comisión e a posta en común de diversos aspectos sobre a aplicación do establecido no Convenio. Acto seguido abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

I.- Constitución da Comisión de seguimento do Convenio de Colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia a Fegamp e Seaga en materia de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

Toma a palabra o Presidente para manifestar que, estando publicado o Convenio de Colaboración, segundo a cláusula Décima *“para o seguimento do mesmo constituirase una Comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte. Esta comisión será o instrumento para a vixilancia e o control do convenio e dos compromisos adquiridos polas persoas asinantes”*.

Ábrese un pequeno debate en torno á forma idónea de constituírse a Comisión e tómanse os seguintes acordos por unanimidade dos presentes:

Primeiro: Constituír a Comisión de seguimento de Convenio de acordo co establecido na cláusula Décima.

Segundo: Designar os membros permanentes e os suplentes da Comisión, quedando a mesma composta polas seguintes persoas:

Persoas designadas pola Xunta de Galicia:

Titulares:

- D. Tomás Fernández-Couto Juanas, Director Xeral de Ordenación Forestal.
- D. Miguel Ángel Cela González, Subdirector Xeral de Prevención e Defensa contra Incendios.

Poderá actuar D. Ángel Miguel Cela González como suplente de D. Tomás Fernández-Couto Juanas e dona María Cristina Sanmartín Vázquez como suplente de D. Miguel Ángel Cela González.

Persoas designadas pola Fegamp:

Titulares:

- D. Alfonso Villares Bermúdez, Vicepresidente primeiro da Fegamp.
- D. Eduardo Ramonde Rodríguez, Secretario Xeral de Fegamp.

Poderá actuar D. José Manuel Chapela Seijo como suplente de D. Alfonso Villares Bermúdez e dona Lucía González Touro como suplente de D. Eduardo Ramonde Rodríguez

Persoas designadas por Seaga:

Titulares:

- D. Pablo Arbones Maciñeira, Director Xerente de Seaga
 - D. Antonio Barral Álvarez, Licenciado en Dereito de Seaga
- Poderá actuar D. Martín Martínez Abal (Director Técnico de Seaga) como suplente de D. Pablo Arbones Maciñeira e dona Carmen Paz López como suplente de D. Antonio Barral Álvarez.

Terceiro: Desígnanse como membros da Comisión os seguintes:

- Presidente: D. Tomás Fernández-Couto Juanas.
- Secretario: D. Eduardo Ramonde Rodríguez.
- Vogais: D. Miguel Ángel Cela González, D. Alfonso Villares Bermúdez, D. Pablo Arbones Maciñeira e D. Antonio Barral Álvarez.

Os cargos de Presidente e Secretario poderán ser delegados noutro membro da Comisión pertencente á Consellería ou á Fegamp, respectivamente.

II.- Estudio das anualidades presupuestarias e do alcance do Convenio

Coméntase entre os presentes que dado que ao presuposto de actuación é limitado a Comisión verase na obriga de priorizar as actuacións. O Convenio contempla catro anualidades e na práctica teremos 3 anos de actuacións de campo.

O investimento de 7,5 millóns de euros anuais (5.690.000 € no que resta de 2018) permitirá actuar, no período de aplicación, nunhas 16.000 Ha. de faixas secundarias. En función das cantidades que aporte o Fondo Local (estimadas nuns 2,5 millóns de euros para cada anualidades) poderemos incrementar as Ha. de actuacións.

Para cumprir o previsto polo Convenio en relación co equilibrio territorial, acórdase dividir o presuposto en catro partidas iguais por provincias.

Os concellos que teñan capacidade económica poderán aportar as cantidades que estimen oportunas ó mesmo para ser destinadas a actuacións dentro dese Concello.

III.- Solicitudes de adhesións

Informa o Presidente que unha vez publicado o Convenio empezan a interesarse os distintos Concellos por participar no mesmo. Ata o momento recibíronse oito solicitudes de adhesión e numerosas chamadas recabando información.

Segundo establece o Convenio as solicitudes de adhesión teñen que dirixirse á Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

En relación coas solicitudes de adhesión, por temas de eficacia, acórdase entre os presentes que aos efectos do Convenio admitirase a adhesión cando sexa o resultado de Decreto da Alcaldía, Acordo da Xunta de Goberno ou Acordo Plenario.

IV.- Criterios de priorización de actuacións

Dado que o Convenio establece que tanto para a adhesión dos concellos como para as actuacións anuais tense que actuar de acordo cos criterios de prioridade que se determinan no Convenio, debe establecerse por parte da Comisión a baremación de ditas prioridades. A Comisión debe priorizar intentando actuar ademáis en todo o territorio.

Para coñecemento dos membros da Comisión repásanse os criterios de priorización establecidos no Convenio:

- o Municipios afectados por grandes incendios forestais no 2017 e nos 10 anos anteriores.
- o Municipios nos que se activase a situación operativa 2 do PEIFOGA nos últimos 10 anos.
- o Municipios con parroquia/s de alta actividade incendiaria.
- o Municipios incluídos en zonas de alto risco de incendio forestal.
- o Municipios costeiros da Coruña incluídos nas zonas de influencia do vento do Nordés.
- o Municipios que contén con Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais nos que se definan as faixas secundarias ou municipios que teñan realizadas as actuacións de determinación das faixas.
- o Municipios que teñan subscrito convenio para unha brigada municipal de prevención e extinción de incendios forestais coa Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Coméntase que estes criterios serán aplicados aos Concellos e, dentro destes, ás parroquias. A idea é, na medida do posible, repartir e concentrar as actuacións nas parroquias máis complicadas a nivel de risco de incendios. A Comisión ten que priorizar a agrupación dos traballos xa que deste xeito poderán abarcarse máis Ha. de actuación.

V.- Delimitación das faixas secundarias

Os Concellos terán que contar cun Plan Municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, cando menos en relación ás faixas secundarias. Polo tanto terán que aprobar a delimitación, total ou parcial de ditas faixas.

Polo momento hai un escaso número de Concellos que teñan o Plan Municipal aprobado así que non estarán delimitadas as faixas secundarias de xestión de biomasa na maioría dos concellos solicitantes. O Convenio prevé a prestación de apoio técnico para iso.

O obxectivo da Comisión será aclarar e definir actuacións, encargándose de:

- Actuacións sobre o territorio
- Apoio aos Concellos para tramitar Plans Municipais de defensa contra incendios.
- Apoio técnico-administrativo para as execucións subsidiarias.

VI.- Avaliación das adhesións

A Comisión aplicará un baremo que definirá nunha próxima reunión, baseado nos criterios de priorización establecidos e propoñerá a adhesión dos Concellos que presentasen as solicitudes de adhesión no prazo previsto, sen perder de vista o equilibrio territorial enunciado.

VII.- Outros aspectos técnicos e económicos dos traballos

- Dentro das parcelas a actuación terá lugar soamente nas faixas secundarias, non na totalidade da parcela afectada.
- Nos traballos derivados de execucións subsidiarias, no caso dos concellos adheridos, como paso previo a recadación en vía executiva, repercutirase ao Convenio o coste total das actuacións segundo os prezos das Tarifas.
- Nos traballos correspondentes a propietarios adheridos voluntariamente repercutirase a parte non cuberta polo prezo establecido para as adhesións voluntarias no Convenio.
- Cando as parcelas teñan madeira susceptible de aproveitamento comercial pódense dar diferentes situacións:
 - o No caso de execucións subsidiarias o valor da madeira integrarase nun Fondo que xerará ingresos ao Convenio.
 - o No caso das parcelas de propietarios con adhesión voluntaria o propietario pode optar por vender a madeira antes de que comecen os traballos de xestión da biomasa ou renunciar de modo expreso ó valor da madeira cedendo o seu importe a beneficio do Convenio.

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión, sendo as 12.00 horas da data sinalada no encabezamento.

Santiago, 8 de abril de 2019

O secretario

José Manuel Chapela Seijo



O presidente

Tomás Fernández-Couto Juanas